

Universidade de Vigo



I Informe de seguemento
I Plan de Igualdade
entre mulleres e homes

Instituto de Física e Ciencias Aeroespaciais



O Instituto de Física e Ciencias Aeroespaciais (IFCAE) desenvolveu o seu I Plan de Igualdade, aprobado no ano 2023, dentro do marco que establece o [III Plan de Igualdade da Universidade de Vigo](#) (2020-2024) no que se propoñen dez accións, aliñadas con obxectivos estratéxicos e operativos, estruturadas dentro dos seus 4 eixos de actuación.

Neste documento pretende avaliarse o primeiro ano de vixencia e analizar o seu cumprimento e os resultados obtidos.

O IFCAE creou una Comisión de Igualdade que se constituíu o 9 de febreiro de 2024. O instituto manifesta o seu compromiso en diferentes ámbitos:

- **Compromiso e comunicación.** O Plan de Igualdade está asinado pola dirección e está a disposición de todo o persoal do instituto na páxina web. Todas as actividades relacionadas con este plan serán comunicadas mediante correo electrónico e mediante a publicación nas RRSS.
- **Recursos.** Para poder desenvolver estas medidas, o IFCAE nomea a unha persoa como Enlace de Igualdade e crea unha Comisión de Igualdade como impulsora e garante do cumprimento deste plan.
- **Recompilación e seguimento de datos.** En cada informe realizado presentaranse os datos desagregados por sexo sobre o persoal e sobre indicadores relevantes para o ámbito do Instituto.
- **Formación.** O Instituto fará unha comunicación directa das oportunidades de formación que se ofertan desde a UVigo, así como das distintas campañas que organiza a Unidade de Igualdade.

O seguimento do plan, que se resume neste informe, supón a actualización e a análise da información necesaria para verificar o cumprimento efectivo das medidas e dos obxectivos propostos. Este proceso permítenos detectar cuestións susceptibles de mellora para proceder aos axustes oportunos na planificación e na execución das políticas públicas de igualdade da UVigo para este período.

Para recoller a información relativa ás distintas accións utilízanse unhas fichas propias que tratan de recoller a información máis relevante de cara á avaliación e á mellora das medidas.

EIXE:
Obxectivo:
Acción:
Actividade:
Axentes implicados:
Impacto:
Mecanismos de difusión e comunicación:
Conclusións e suxestión de melloras:

Os datos son analizados na Comisión de Igualdade do IFCAE e preséntanse neste documento.

Nos seguintes apartados faise un resumo dos resultados obtidos no 2024, primeiro ano de vixencia do plan. Para coñecer o grao dos obxectivos e das accións definidas no plan avaliáronse internamente os indicadores de seguimento previstos para cada medida.

Eixe 1. Cultura da igualdade: sensibilizar, visibilizar e comunicar

Acción	Actividade relacionada	Estado de realización
Acción 1.1.1: Celebrar os días especiais relacionados coa muller a ciencia e a enxeñaría con campañas de visibilización	11 de Febreiro: colaboración con Exxperimenta en Feminino	Realizada
Acción 1.1.2: Visibilizar as desigualdades de xénero no instituto, desagregar os datos estatísticos oficiais do IFCAE por sexo e desenvolver unha análise de datos oficiais desde a perspectiva de xénero	Na páxina https://ifcae.uvigo.es/es/ifcae/igualdad/ amósanse os datos desagregados por xénero	Realizada
Acción 1.1.3: Incluír na páxina do IFCAE un	https://ifcae.uvigo.es/es/ifcae/igualdad/	Realizada

apartado específico de Igualdade, recollendo alí as diferentes iniciativas, normativas e recomendacións que se fagan nesta liña		
Acción 1.3.1: Promover a presenza paritaria de homes e mulleres nas comisións, conferencias, mesas redondas e outras actividades organizadas polo IFCAE		En proceso de realización
Acción 1.4.2: Favorecer a existencia dun equilibrio paritario por sexo nos niveis de supervisión e dirección no ámbito da investigación	A composición da Xunta directiva é paritaria, como se pode ver en https://ifcae.uvigo.es/es/ifcae/organizacion/	Realizada

Eixe 2. Medidas relativas á igualdade nas estruturas funcionais e organizativas da universidade

Acción	Actividade relacionada	Estado de realización
Acción 2.1.1: Visibilizar e reforzar a figura de enlace de igualdade para velar polo cumprimento dos compromisos de igualdade e propor novas actividades e políticas de xénero en cada centro	O IFCAE nomeou a un enlace de igualdade https://ifcae.uvigo.es/gl/ifcae/igualdade/	Realizada
Acción 2.3.1: Garantir unha comunicación inclusiva na rede e RRSS do IFCAE, utilizando imaxes de homes e mulleres non estereotipados e linguaxe inclusiva (LI) en informes e actas	En todas as publicacións do IFCAE, tanto internas como en RRSS, utilízase linguaxe inclusiva	Realizada

Eixe 3. Docencia, investigación e transferencia do coñecemento con perspectiva de xénero

Acción	Actividade relacionada	Estado de realización
Acción 3.2.2: Promover e ampliar a oferta de formación para impulsar a inclusión da perspectiva de xénero na investigación	Envío de correos e publicidade na rede para promover o Itinerario informativo de xénero	Realizada
Acción 3.4.1: Impulsar o liderado e a presenza de mulleres investigadoras principais na investigación, xunto coa formación de grupos de investigación paritarios		En proceso de realización

Eixe 4. Traballar e estudar na universidade en igualdade e promover unhas condicións sociolaborais con perspectiva de xénero

Acción	Actividade relacionada	Estado de realización
Acción 4.2.1: Crear unha rede de investigadores/as e persoal de apoio para apoiar as persoas vítimas de acoso sexual, acoso por razón de sexo e violencia de xénero, e difundir os protocolos de actuación nestes casos		En proceso de realización

CONCLUSIÓN

O ámbito da investigación precisa da implicación, a cooperación e a corresponsabilidade de todas as persoas investigadoras para desenvolver as accións recollidas e para poder cumprir os obxectivos formulados que, de seguro, nos farán avanzar cara a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes. Con este convencemento, e no compromiso coa transparencia na xestión pública, presentamos este informe do seguimento do primeiro ano de execución do I Plan de igualdade entre mulleres e homes do IFCAE, que está dispoñible en acceso libre para consultar e descargar desde a páxina web do instituto.

Entre as accións propostas hai un 70% de accións realizadas no primeiro ano, o que nos anima a seguir traballando e agardamos que repercuta positivamente na consecución dos obxectivos propostos.

Destacamos algunhas cuestións neste primeiro informe de seguimento:

- Refórzase o compromiso e a continuidade das medidas estables que están entre aquelas que xa se executaron durante 2024. Ao ser medidas de carácter periódico, será necesario repetilas noutros momentos deste período polo que cómpre continuar este traballo.
- Hai determinadas accións que poden ser máis complicadas de realizar debido á propia composición do persoal de investigación, tanto senior como en formación. Ao tratar de levar á práctica algunhas das accións propostas (1.3.1, 3.4.1), atópase unha grande dificultade para executalas como estaba previsto.

Este informe é un instrumento técnico para coñecer o estado de execución das políticas de igualdade do IFCAE e, ao mesmo tempo, un marco no que poder mellorar no traballo para alcanzar os obxectivos propostos para este período.

O IFCAE comprométese a seguir traballando para desenvolver as distintas accións propostas e intentar realizar as medidas pendentes.